



- *Danza de Cariño*

Danza que tomamos do Cancioneiro de M. Torner e Bal y Gay, na que interpretamos por primeira vez unha melodía ornamentada con mordentes. Executarémolos coa maior velocidade posible, e sempre sen variar o sentido rítmico da melodía. Procuraremos facer ben a rítmica de toda a peza, distinguindo ben as células rítmicas formadas por dúas corcheas das formadas por corchea con punto-semicorchea.

- *Muiñeira Vella do Mordomo*

Peza que nos serve para seguir ampliando o noso repertorio, e ao mesmo tempo onde seguimos traballando e mellorando tódolos ornamentos aprendidos ao longo deste volume. Esta muiñeira estudarémola en dúas fases, primeiro aprenderemos a primeira voz para traballar sobre todo os ornamentos realizados pola man esquerda e, unha vez ben traballada, comezaremos o estudo da segundo voz, axilizando así os movementos dos dedos da man dereita.

- *Mordentes despois da nota real*

Trátase duns mordentes que se realizan despois da nota real á que van ligados. A súa duración tómana desta, sen roubar nada de valor á seguinte nota real. A representación é idéntica aos mordentes traballados con anterioridade (dúas corcheas de tamaño reducido ligadas á nota real da que toman a súa duración). Este adorno empregarémolo sempre nos xiros melódicos que vaian dunha nota aguda a unha nota grave.



Tarrañolas



As tarrañolas son un instrumento de percusión da familia dos idiófonos. Na súa orixe as tarrañolas eran un xoguete para nenos. Trátase de dúas táboas moi finas con forma rectangular construídas de madeira (normalmente buxo) aínda que as veces pódense fabricar con lousa, anacos de tella e mesmo costelas de animais. As tarrañolas colócanse entre os dedos da nosa man de forma que unha suxeitámola entre o furabolos e o dedo maior quedando fixa contra a palma da man, e a outra collémola entre o dedo maior e o mediano quedando libre para poder bater contra a outra ao realizar coa nosa man un movemento parecido ao que facemos cando enroscamos unha bombilla. Moitas veces as tarrañolas tócanse simultaneamente coas dúas mans (un par de tarrañolas en cada man). Na música impresa a parte dos tarrañolas ímola escribir no cuarta liña do pentagrama.

Ritmos básicos

Xota

♩ = 75




Pasodobre

♩ = 130



Muiñeira

♩ = 130



Fandango Vello

Repertorio de "Cántigas e Frores"

Arranxo: Bruno Villamor

The musical score for "Fandango Vello" is presented in two systems, each consisting of two staves (treble and bass clef). The piece is in 3/4 time and begins with a treble clef and a key signature of one flat (B-flat). The first system starts with a repeat sign and a fermata over the first measure. The second system includes first and second endings, marked with "1." and "2." above the staff. The key signature changes to two flats (B-flat and E-flat) in the final system. The score is written in a clear, standard musical notation style.

A Pequerrecha

Repertorio dos Campaneiros
Arranxo Percusión: Bruno Villamor

The musical score is arranged in four systems. The first system includes staves for Gaita 1ª, Gaita 2ª, Pandeirata, and Tamboril Bombo. The second system continues the instrumental parts. The third system introduces a first ending (1.) and a second ending (2.) for the Gaita parts. The score is in 2/4 time and features a variety of rhythmic patterns and melodic lines.